

BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

FORMACIÓN DE PERSOAS USUARIAS

Curso 2024/2025. Informe

Presentación

Resumo

1. Xornadas de benvida e sesións de acollida
 - 1.1. Xornadas de benvida
 - 1.2. Sesións de acollida nos centros
2. Formación para o alumnado
 - 2.1. Formación en liña
 - 2.1.1. In-Fórmate coa biblio!
 - 2.1.2. Como afrontar o teu TFG
 - 2.1.3. Información científica: acceso, xestión, avaliación e publicación
 - 2.1.4. Outros cursos en liña
 - 2.2. Formación presencial
3. Formación para o profesorado
4. Formación de provedores
5. Materiais formativos
 - 5.1. Biblioguías
 - 5.2. Vídeos
 - 5.3. Outros materiais formativos

Presentación

A formación de persoas usuarias é unha parte fundamental do servizo que ofrece a Biblioteca da Universidade de Vigo, dentro do seu obxectivo de proporcionarlle á comunidade universitaria as ferramentas necesarias para o desenvolvemento das habilidades de busca, recuperación e uso da información.

Este informe presenta as actividades de formación realizadas durante o curso 2024/2025, dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado, que tiñan dous obxectivos: tirar o máximo proveito dos recursos de información que ofrece a biblioteca e fomentar unha actitude crítica e reflexiva na busca e uso da información, tanto no ámbito académico como científico.

As actividades formativas da biblioteca constan de:

1. Xornadas de benvinda e sesións de acollida para o alumnado de novo ingreso
2. Formacións para o alumnado
3. Formacións para o profesorado
4. Formacións organizadas polos provedores dos recursos
5. Materiais formativos

Neste informe incluímos os datos de participación nas sesións formativas organizadas pola biblioteca e a valoración feita polas persoas que participaron, cando temos esa información; a formación que recibiu a comunidade universitaria directamente dos provedores de recursos de información cando a biblioteca participou dalgún xeito na organización e/ou difusión, e os materiais formativos que elabora a biblioteca, máis alá do material dos cursos, porque este material ten tamén unha finalidade didáctica.

Nos cursos en liña incluímos os seguintes datos de participación:

- Número de persoas matriculadas: número de alumnos que tiveron acceso ao curso en Moovi.
- Número de persoas que realizan o curso: persoas que entregaron cando menos unha das tarefas ou realizaron cando menos un dos cuestionarios.
- Número de persoas aptas: as que acadaron esa cualificación.
- Taxa de éxito: porcentaxe de persoas que acadaron unha calificación de "apta" con respecto ao total de persoas que realizaron o curso
- Taxa de rendemento: porcentaxe de persoas que acadaron unha cualificación de "apta" con respecto ao total de persoas matriculadas.

Resumo

Participación nas sesións de acollida para alumnado de novo ingreso:

Campus	Número de sesións	Número de asistentes
Ourense	2	120
Pontevedra	12	643
Vigo	7	361
Total	21	1124

Curso en liña "Infórmate coa biblio!" para alumnado de 1º de grao:

CAMPUS	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	15	1042	458	361	78,8%	34,6%
Pontevedra	10	652	381	300	78,7%	46,0%
Vigo	15	1218	458	337	73,6%	27,7%
Total	40	2912	1297	998	76,9%	34,3%

Curso en liña "Como afrontar o teu TFG" para alumnado de TFG:

CAMPUS	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	7	371	38	15	39,5	4,0
Pontevedra	9	689	43	20	46,5	2,9
Vigo	14	1147	166	87	52,4	7,6
Total	30	2207	247	122	49,4	5,5

Curso en liña "Información científica" para alumnado de doutoramento e mestrado:

CAMPUS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	127	41	23	56,1	18,1
Pontevedra	89	50	47	94,0	52,8
Vigo	63	45	40	88,9	63,5
Total	279	136	110	80,9	39,4

Formacións presenciais:

CAMPUS	NÚMERO DE SESIÓN S	NÚMERO DE ASISTENTES
Ourense	10	135
Pontevedra	22	507
Vigo	5	41
Total	37	683

Material formativo elaborado polo persoal da biblioteca:

Biblioguías	84
Vídeos	39
Infografías	26
Presentacións	17

1. Xornadas de benvida e sesións de acollida

1.1. Xornadas de benvida

A biblioteca participa nas xornadas de benvida que organiza a Vicerreitoría de Alumnado nos tres campus cada curso durante a semana anterior ao comezo das clases. A biblioteca colabora cun posto no que proporcionamos información sobre o funcionamento da biblioteca universitaria e damos a coñecer as guías da biblioteca para novo alumnado e as redes sociais, nas que este pode manterse ao día sobre as actividades que realizamos.

A estas xornadas acude o alumnado que se incorpora á Universidade de Vigo, tanto en titulacións de grao como de mestrado e doutoramento, e tamén estudantado internacional.

Nesta ligazón accédese ao vídeo resumo desas xornadas do curso 2024/2025 elaborado por UvigoTV: <https://tv.uvigo.es/video/66df7c3d7af67959550d83d7>

1.2. Sesións de acollida nos centros

Ademais da sesión de acollida para todo o alumnado de novo ingreso, a maioría dos centros da Universidade de Vigo organizan os seus propios actos de benvida para o alumnado de primeiro curso de grao e nalgúns casos tamén para o alumnado de mestrado e doutoramento e en moitos deles participa a biblioteca. Nalgún dos casos, a sesión inclúe unha visita guiada á biblioteca.

Recollemos no seguinte cadro as sesións de acollida nas que participou o persoal da biblioteca, co número de persoas asistentes, a duración e a visita á biblioteca, cando é o caso.

CAMPUS	CENTRO	TITULACIÓN	NÚMERO DE ASISTENTES	DURACIÓN (en minutos)	INCLÚE VISITA Á BIBLIOTECA?
OURENSE	Facultade de Ciencias	Dobre Grao Enxeñaría Agraria /Ciencias Ambientais. Dobre Grao Enxeñaría Agraria / Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Grao en Ciencias Ambientais. Grao en Enxeñaría Agraria.	70	10	Non
	Facultade de Historia	Grao en Xeografía e Historia	50	10	Non
PONTEVEDRA	Facultade de Deseño	Grao en Deseño	45	30	Non
	Facultade de Belas Artes	Grao en Belas Artes	103	20	Non
	Facultade de Dirección e Xestión Pública	Grao en Dirección e Xestión Pública	20	20	Non
	Facultade de Comunicación	Grao en Publicidade e RR.PP. Grao en Comunicación Audiovisual	140	20	Non
	Escola Enxeñaría Forestal	Grao en Enxeñaría Forestal	18	20	Non

	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	105	20	Non
		Grao en Educación Infantil	65	20	Non
		Grao en Educación Primaria	70	20	Non
	Programa Universitario de Maiores	PUM-Pontevedra	12	120	Si
	Facultade de Comunicación	Mestrado Universitario en Dirección de Arte e Publicidade	35	45	Non
	Facultade de Comunicación	Doutoramento en Comunicación	14	45	Non
	Facultade de Dirección e Xestión Pública	Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional	16	30	Non
VIGO	Fac. de Bioloxía	Grao en Bioloxía	48	60	Si
	Fac. de Ciencias Xurídicas	Dereito, RRLL e RRHH e Dobre Grao ADE-Dereito	140	10	Non
	Fac. de Química	Grao en Química	57	60	Si
	Fac. de Ciencias do Mar	Grao en Ciencias do Mar	28	60	Si
	Esc. Enxeñaría de Minas e da Enerxía	Grao en Enxeñaría da Enerxía/Recursos Mineiros e Enerxéticos	8	60	Si
	Escola de Comercio	Grao en Comercio	40	60	Si
	Escola de Comercio	Grao en Comercio	40	60	Si

Na táboa seguinte recollemos por campus o número de sesións, a suma do número de persoas asistentes e minutos de duración por campus e totais:

Campus	Número de sesións	Número de asistentes	Minutos
Ourense	2	120	20
Pontevedra	12	643	410
Vigo	7	361	370
TOTAL	21	1124	800

2. Formación para o alumnado

No curso 2024/2025 a biblioteca ofertoulle ao alumnado:

- Cursos en liña en tres niveis.
- Outras formacións en liña.
- Formacións presenciais.

2.1. Formación en liña

Os cursos en liña desenvólvense a través da plataforma Moodle da Universidade de Vigo (Moovi), con réplicas adaptadas ás distintas titulacións en función do ámbito temático e as necesidades do alumnado. Ofrecemos tres niveis formativos:

- Para o alumnado de primeiro curso de grao: *In-fórmate coa biblio!*
- Para o alumnado de TFG: *Como afrontar o TFG*
- Para o alumnado de mestrado e doutoramento: *Información científica: acceso, xestión, avaliación e publicación*

2.1.1. *In-Fórmate coa biblio!*

O curso *In-Fórmate coa biblio!* Esta dirixido ao alumnado de primeiro curso de grao; ten como obxectivos a adquisición das competencias informacionais e informáticas básicas necesarias para buscar, acceder, avaliar e utilizar correctamente a información, facendo uso dos recursos tecnolóxicos e de información dispoñibles na Universidade de Vigo.

Este curso está deseñado para que o alumnado o poida realizar cunha dedicación estimada de 15 horas, e as persoas que acaden a cualificación de "apta/o" poden solicitar o recoñecemento de 0,5 créditos. Ademais, nalgúns casos a participación no curso está recollida como un dos criterios de avaliación das guías docentes do profesorado colaborador.

Cabe destacar que nun caso este curso ofrecéuselle ao alumnado de segundo curso, porque era nese curso no que tiña docencia a profesora colaboradora.

Programa

O contido estivo organizado en 7 temas:

Tema 0. As competencias dixitais (DigComp)

Tema 1. Como moverte pola Biblioteca

Tema 2. Como encontrar información para as materias de clase

Tema 3. Como encontrar información para un traballo académico

Tema 4. Creación de contidos

Tema 5. Evita o plaxio e cita correctamente

Tema 6. Comunica e presenta

Participación

Achegamos a continuación os datos de participación dos cursos realizados nos tres campus.

CAMPUS	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	15	1042	458	361	78,8%	34,6%
Pontevedra	10	652	381	300	78,7%	46,0%
Vigo	15	1218	458	337	73,6%	27,7%
TOTAL	40	2912	1297	998	76,9%	34,3%

Se poñemos estes datos en relación co total de graos impartidos e co alumnado matriculado no primeiro curso desas titulacións na Universidade de Vigo no curso 2024/2025, obtemos os datos seguintes:

Número de graos impartidos na Universidade de Vigo no curso 2024/2025	72
Porcentaxe de graos nos que a Biblioteca impartiu o curso In-Fórmate coa biblio!	55,56%
Número de alumnos e alumnas matriculadas en primeiro de grao no curso 2024/2025	3868*
Porcentaxe de alumnos e alumnas que realizaron o curso In-Fórmate coa biblio!	33,53%
Porcentaxe de alumnos e alumnas que superaron o curso In-Fórmate coa biblio!	25,80%

*alumnado de novo ingreso procedente de preinscripción

Amosamos a continuación os cursos impartidos por campus:

Campus de Ourense

CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Grao en Dereito	1	71	36	29	80,6	40,8
Grao en Enxeñaría informática / Dobre grao ADE- Informática	2	180	89	79	88,8	43,9
Grao en Educación Infantil	1	80	54	43	79,6	53,8
Grao en Traballo Social	1	83	33	19	57,6	22,9
Grao en Educación Primaria	1	84	39	29	74,4	34,5
Grao en Educación Social	1	81	62	57	91,9	70,4
Grao en Enfermaría	1	61	47	37	78,7	60,7
Grao en ADE	1	87	21	10	47,6	11,5
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	1	55	8	6	75,0	10,9
Grao en Xeografía e Historia / Dobre grao Historia- Turismo	2	59	11	7	63,6	11,9
Grao en Relacións Internacionais	1	32	4	4	100,0	12,5
Grao en Intelixencia Artificial	1	71	6	2	33,3	2,8
Graos de Ciencias	1	98	48	39	81,3	39,8
TOTAL	15	1042	458	361	78,8	34,6

Campus de Pontevedra

CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TASA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Grao en Enxeñaría Forestal	1	23	6	2	33,3	8,7
Grao en Fisioterapia	1	65	49	48	98,0	73,8
Grao en Educación Primaria	1	83	75	66	88,0	79,5
Grao en Educación Infantil	1	84	76	55	72,4	65,5
Grao en Deseño	1	47	42	40	95,2	85,1
Grao en Publicidade e RR.PP.	1	105	3	1	33,3	1,0
Grao en Comunicación Audiovisual	1	56	52	35	67,3	62,5
Grao en Dirección e Xestión Pública (modalidade presencial)	1	26	17	13	76,5	50,0
Grao en Dirección e Xestión Pública (modalidade virtual)	1	22	15	10	66,7	45,5
Grao en Belas Artes	1	141	46	30	65,2	21,3
TOTAL	10	652	381	300	78,7	46,0

Campus de Vigo


CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TASA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Dobre grao en ADE e Dereito	1	49	17	13	76,5	26,5
Grao en ADE	1	242	48	13	27,1	5,4
Grao en Dereito	1	87	64	52	81,3	59,8
Grao en Ciencias do Mar	1	75	27	19	70,4	25,3
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	1	70	30	16	53,3	22,9
Grao en Comercio	1	88	5	1	20,0	1,1
Grao en Enxeñaría da Enerxía/Recursos Mineiros e Enerxéticos	2	99	40	28	70,0	28,3
Grao en Bioloxía	1	101	66	54	81,8	53,5
Grao en Economía	1	68	2	2	100,0	2,9
Grao en Filloxía Aplicada Galega e	2	79	13	6	46,2	7,6

Española / Linguas Estranxeiras						
Grao en Tradución e Interpretación	1	108	28	22	78,6	20,4
Enfermaría POVISA	1	71	65	62	95,4	87,3
Grao en Química	1	81	53	49	92,5	60,5
TOTAL	15	1218	458	337	73,6	27,7


Resultados das enquisas de satisfacción

Todos os cursos inclúen unha enquisa de satisfacción voluntaria, que contén 9 preguntas pechadas e unha aberta. Ofrecemos a continuación os datos resultantes da totalidade das enquisas recibidas nos tres campus, tendo en conta que non todas as persoas que realizan os cursos contestan estas preguntas.


1. Facer o curso levoume:




2. Para min os contidos do curso foron:




3. Os contidos que máis me interesaron foron (podes escoller máis dunha resposta):




4. A min as tarefas e cuestionarios axudáronme a comprender mellor os contidos:




5. Comprender o que tiña que facer nos cuestionarios e tarefas resultoume:




6. Para mellorar o curso eu engadiría (podes escoller máis dunha resposta):




7. En xeral, penso que este curso:



8. Eu recomendaría este curso aos meus compañeiros/as:



9. Avaliaría este curso coa seguinte cualificación (de 1 a 5):



Engadíase unha décima pregunta aberta para achegar propostas de mellora do curso. A maioría das persoas que responden indican que o curso está ben e non necesita ningún cambio, pero hai algunhas propostas de mellora, das que presentamos unha síntese:

- Que se poida descargar o contido en pdf para conservalo no futuro.
- Que o curso se imparta na primeira semana de curso, e sempre en primeiro de grao.
- Que teña máis contidos interactivos e exemplos, e menos texto.
- Que teña máis cuestionarios e exercicios prácticos e que a redacción sexa máis clara.
- Que se amplíen os temas en cursos sucesivos, tanto presenciais como en liña (métodos de estudo, control do estrés, citar e referenciar, xestores bibliográficos, ferramentas de presentacións...)

Alguns comentarios referíanse ao idioma do curso. A este respecto, temos en conta que o idioma oficial da Universidade de Vigo é o galego, que todos os navegadores ofrecen tradución automática e que as persoas formadoras atenden todas as dúbidas de xeito áxil e aclarando calquera problema que teña que ver tanto co idioma coma co contido do curso.

2.1.2. Como afrontar o teu TFG

O obxectivo deste curso en liña é capacitar o alumnado de 4º curso de grao nas competencias e habilidades informacionais que lle axuden na elaboración e defensa do Traballo de Fin de Grao. Ofrécese ao alumnado matriculado na materia Traballo fin de grao nas titulacións nas que contamos coa colaboración da persoa que coordina a materia. A carga de traballo estimada é de 30 horas e o alumnado que acade a cualificación de "apto/a" pode solicitar a convalidación de 1 crédito ECTS.

O persoal da Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación adaptou o contido deste curso a cada titulación na que se imparte, para incluír recursos de información propias dese ámbito. Porén, no campus de Ourense ofrecemos unha versión xenérica deste curso para aquelas titulacións nas que non realizamos un curso específico, e estaba aberto a todo o alumnado que se quixese matricular.

Programa

O curso constan de 6 unidades didácticas deseñadas para que o alumnado as realice de xeito secuencial:

1. Comezando o TFG
2. Onde buscar información para o TFG
3. Como buscar información
4. Citar e evitar o plaxio
5. Redactar o TFG
6. Defensa do TFG

Participación

Achegamos a continuación os datos de participación e éxito dos cursos realizados nos tres campus.

CAMPUS	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	7	371	38	15	39,5	4,0
Pontevedra	9	689	43	20	46,5	2,9
Vigo	14	1147	166	87	52,4	7,6
TOTAL	30	2207	247	122	49,4	5,5

Achegamos a continuación a táboa de cursos impartidos, cos datos correspondentes a cada un, por campus.

Campus de Ourense

CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Graos de Ourense	2	3	3	3	100	100
Grao en Enfermería OU	1	11	9	8	88,9	72,7
Graos de Educación (Infantil, Primaria, Educación Social e Traballo social)	4	357	26	4	15,4	1,1
TOTAL	7	371	38	15	39,5	4,0

Campus de Pontevedra

CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Grao en Publicidade e RR.PP.	1	114	4	2	50,00	1,75
Grao en Comunicación Audiovisual	1	38	5	1	20,00	2,63
Grao en Enxeñaría Forestal	1	34	3	2	66,67	5,88
Grao en Educación Primaria	1	118	3	1	33,33	0,85
Grao en Educación Infantil	1	93	6	0	0,00	0,00
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1	185	6	1	16,67	0,54
Grao en Dirección e Xestión Pública	1	34	2	1	50,00	2,94
Grao en Dirección e Xestión Pública (modalidade virtual) (3º curso)	1	17	13	12	92,31	70,59
Grao en Fisioterapia	1	56	1	0	0,00	0,00
TOTAL	9	689	43	20	46,5	2,9


Campus de Vigo

CURSO	NÚM DE GRAOS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TASA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Grao en Linguas Estranxeiras	1	52	1	0	0,0	0,0
Grao en Tradución e Interpretación	1	116	9	4	44,4	3,4
Grao en Filoloxía aplicada galega e española - Grao en Ciencias da Linguaxe e Est. Literarios	2	17	1	0	0,0	0,0
Grao en Bioloxía	1	90	8	3	37,5	3,3
Grao en Enfermaría - POVISA	1	68	62	60	96,8	88,2
Grao en Enfermaría - Meixoeiro	1	71	5	0	0,0	0,0
Grao en ADE- Grao en Economía	2	313	35	11	31,4	3,5
Grao en Ciencias do Mar	1	75	7	2	28,6	2,7
Grao en Comercio	1	73	0	0	0,0	0,0
Grao en Dereito / Relacións Laborais e RRHH e PCEO ADE-Dereito	3	272	38	7	18,4	2,6
TOTAL	14	1147	166	87	52,4	7,6


Resultados das enquisas de satisfacción

A enquisa de satisfacción contiña 6 preguntas pechadas e 3 abertas. A mosamos a continuación do resumo dos resultados para o conxunto dos cursos impartidos:


1. Consideras que o tempo que lle dedicaches á realización do curso foi




2. Os contidos tratados no curso parecéronche




3. Dos contidos tratados durante o curso, cales che resultaron máis útiles ou interesantes? Esta pregunta era aberta, pero para poder valorar os resultados, traspasamos as respostas aos módulos cos que se correspondían:




4. Dos contidos tratados durante o curso, cales che resultaron menos útiles ou interesantes?




5. En xeral, os contidos tratados nas distintas unidades do curso consideras que foron



6. Cres que o curso che vai axudar na elaboración do teu Traballo Fin de Grao?




7. En xeral, calificarías o curso nunha escala do 1-5 (sendo 1 a satisfacción mínima e 5 a máxima) cun:



Puntuación media: 4,03

8. Recomendarías este curso a outras persoas?



A última pregunta era aberta e ofrece achegar comentarios e suxestións sobre o curso. Recibimos algunhas propostas para a mellora do curso, das que presentamos unha síntese:

- Incluir máis exemplos prácticos.
- Darlle máis relevancia ao uso de Refworks como ferramenta para crear as bibliografías.
- Facelo máis curto, adaptado ao tempo que ten o alumnado de TFG.
- Posibilidade de non realizar os cuestionarios nin as prácticas, xa que o contido si é interesante.

Algúns comentarios referíanse ao idioma do curso. A este respecto, temos en conta que o idioma oficial da Universidade de Vigo é o galego, que todos os navegadores ofrecen tradución automática e que as persoas formadoras atenden todas as dúbidas de xeito áxil e aclarando calquera problema que teña que ver tanto co idioma coma co contido do curso.

2.1.3. Información científica: acceso, xestión, avaliación e publicación

Este curso está dirixido ao alumnado de doutoramento e mestrado. Ten unha carga de traballo estimada de 40 horas. O obxectivo é capacitar o alumnado nas competencias informacionais necesarias para desenvolver o traballo como investigador/a na actual contorna da investigación científica. Este curso impártese en colaboración co profesorado coordinador dos mestrados e programas de doutoramento, agás no caso do curso que denominamos Eido, que lles oferta a Escola Internacional de Doutoramento a todo o alumnado matriculado nos programas de doutoramento. Deste xeito, todo o alumnado ten a oportunidade de solicitar a inscrición neste curso, aínda que no seu programa concreto non se realice.

O contido está organizado en módulos, que abrimos ao alumnado de xeito secuencial, para que o avance sexa lineal, cun calendario que o alumnado coñece desde o momento en que comeza o curso. Cada módulo conta con cuestionarios e/ou prácticas que o alumnado ten que realizar para poder obter a cualificación de apto.

A partir dun curso modelo, adaptamos os contidos, o tempo estimado de realización e os cuestionarios e prácticas a cada mestrado ou programa de doutoramento en concreto (agás no caso do curso que ofrecemos a través da Escola Internacional de Doutoramento, que é o curso modelo).

Programa

- Módulo 0. O proceso de investigación
- Módulo 1. As fontes de información
- Módulo 2. Xestión da bibliografía
- Módulo 3. Impacto e calidade das publicacións científicas
- Módulo 4. Propiedade intelectual e dereitos de autoría
- Módulo 5. Acceso aberto á información científica
- Módulo 6. Autoría e visibilidade do traballo científico
- Módulo 7. Escribir e publicar traballos científicos

Participación

Achegamos a continuación os datos de participación e éxito dos cursos realizados nos tres campus.

CAMPUS	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE REALIZAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Ourense	127	41	23	56,1	18,1
Pontevedra	89	50	47	94,0	52,8
Vigo	63	45	40	88,9	63,5
TOTAL	279	136	110	80,9	39,4

Achegamos a continuación a táboa de cursos impartidos, cos datos correspondentes a cada un, por campus.

Campus de Ourense

TITULACIÓN	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento	75	28	13	46,4	17,3
Máster en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	35	0	0	0,0	0,0
Doutoramento en Turismo	12	12	10	83,3	83,3
Máster en Nutrición	5	1	0	0,0	0,0
TOTAL	127	41	23	56,1	18,1

Campus de Pontevedra

TITULACIÓN	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Doutoramento CREA*	30	25	25	100,00	83,33
Doutoramento en Comunicación	22	17	14	82,35	63,64
Doutoramento en Educación, Deporte e Saúde	8	7	7	100,00	87,50
Master Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	29	1	1	100,00	3,45
TOTAL	89	50	47	94,0	52,8

* Seminario de investigación: busca, uso ético, difusión e publicación da información científica

Campus de Vigo


TITULACIÓN	PERSOAS MATRICULADAS	PERSOAS QUE PARTICIPAN	PERSOAS APTAS	TAXA DE ÉXITO	TAXA DE RENDEMENTO
Doutoramento en Protección Patrimonio Cultural	12	9	8	88,9	66,7
Doutoramento en Tradución e Paratradución	7	6	4	66,7	57,1
Doutoramento en Estudos Literarios	2	2	2	100	100
Doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados	2	2	2	100	100
Doutoramento en Xestión e Resolución de Conflitos	7	3	3	100	42,9

Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	8	8	100	66,7
EIDO (todos os programas)	21	15	13	86,7	61,9
TOTAL	63	45	40	88,9	39,4


Resultados das enquisas de satisfacción

A enquisa de satisfacción contiña 7 preguntas pechadas e 3 abertas. Amosamos a continuación do resumo dos resultados para o conxunto dos cursos impartidos:


1. Consideras que o tempo dedicado á realización do curso foi




2. Os contidos tratados no curso parecéronche



3. En xeral, os contidos tratados nos distintos módulos do curso foron



4. Dos contidos tratados durante o curso, cales che resultaron máis útiles ou interesantes?



5. Dos contidos tratados durante o curso, cales che resultaron menos útiles ou interesantes?




6. O curso proporcionouche novos coñecementos ou habilidades?




7. En xeral, as actividades do curso parecéronche



8. Recomendarías este curso a outras persoas?



9. En xeral, cualificarías o curso nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 a satisfacción mínima e 5 a máxima) cun:



Puntuación media: 4,65

A última pregunta era unha cuestión aberta para achegar calquera outro comentario ou suxestión. Neste apartado recibimos algunhas achegas para a mellora do curso, das que presentamos unha síntese:

- Engadir contido sobre novas ferramentas de planificación e de IA para a redacción de traballos científicos.
- Completar o curso con sesións presenciais ou na aula virtual para ampliar certos apartados ou solventar dúbidas.
- Acceso aos contidos en formato pdf para a súa descarga.
- Ampliar o tempo de acceso aos contidos.
- Simplificar o último módulo.
- Proporcionar unha guía sobre revisións sistemáticas.

2.1.4. Outros cursos en liña

Ademais dos cursos preestablecidos pola biblioteca, a Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación atende solicitudes de profesorado para cursos específicos adaptados ás necesidades concretas de certas materias. Son cursos diferentes aos tres modelos que vimos con anterioridade. Presentamos a continuación os datos de participación e a valoración de cada un dos cursos desta modalidade que impartimos no curso 2024/2025.

CAMPUS	FORMACIÓN	TITULACIÓN	NÚM PARTICIPANTES	DEDICACIÓN ESTIMADA	VALORACIÓN GLOBAL
Vigo	Xestión bibliográfica con RefWorks e iniciación ás bases de datos de lingüística	Doutoramento en Estudos Lingüísticos	6	2 horas	Sen datos

2.2. Formación presencial

A Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación organiza tamén cursos presenciais para o alumnado solicitados polo profesorado para complementar a súa formación. A mosamos a continuación o número de cursos por campus, co número de asistentes e a duración en horas.

CAMPUS	NÚMERO DE SESIÓNS	NÚMERO DE ASISTENTES	DURACIÓN (horas)
Ourense	10	135	19
Pontevedra	22	507	37
Vigo	5	41	11
Total	37	683	67

No cadro seguinte presentamos os cursos que realizamos, a titulación na que se insire, o número de asistentes, a duración e a valoración media do curso obtida das enquisas de satisfacción que achegaron ao finalizar cada sesión, nos casos en que temos esa información.

CAMPUS	FORMACIÓN	TITULACIÓN	NÚM ASISTENTES	DURACIÓN (minutos)	VALORACIÓN GLOBAL
Ourense	Busca e xestión de información para Educación	Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe	26	360	4,6
Ourense	Busca e xestión de información: Refworks e principais fontes para a Educación	Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade	3	120	5
Ourense	Busca bibliográfica e fontes de información para turismo	Grao en Turismo	20	90	4,1

Ourense	Refworks	Grao en Enfermaría	8	120	5
Ourense	Fontes de información para a Historia	Grao en Xeografía e Historia	5	120	Sen datos
Ourense	Perseo e APA	Grao en Traballo Social	69	180	Sen datos
Ourense	Taller alumnado TFG	Alumnado TFG de Ourense	4	135	5
Pontevedra	Taller Coñece a túa Biblioteca	Grao en Enxeñería Forestal	13	1,5	4,3
Pontevedra	Taller Buscas en Perseo e estilo Vancouver	Grao en Fisioterapia	54	2	4,6
Pontevedra	Taller Perseo	Grao en Publicidade e RR.PP. (Linguaxe Publicitaria en español)	22	1	4,5
Pontevedra	Taller Perseo	Grao en Publicidade e RR.PP. (Linguaxe Publicitaria en galego)	10	1	4,4
Pontevedra	Taller Perseo	Grao en Educación Infantil	69	2	4,3
Pontevedra	Taller Perseo	Grao en Educación Primaria	75	2	4,3
Pontevedra	Taller Perseo	Grao en Comunicación Audiovisual	34	1	4,3
Pontevedra	Taller iniciación á Biblioteca e buscador Perseo	Programa Universitario de Maiores	8	2	5
Pontevedra	Busca de información en Perseo e introdución ao estilo APA	Grao en Deseño	66	8	4,3
Pontevedra	Introdución á busca e xestión da información	Grao en Dirección e Xestión Pública (presencial)	10	2	4,6
Pontevedra	Introdución á busca e xestión da información	Grao en Dirección e Xestión Pública (virtual)	12	1,25	Sen datos
Pontevedra	Introdución á busca de información	Grao en Comunicación Audiovisual	45	4	4,2
Pontevedra	Taller práctico Biblioteca TFG	Grao en Enxeñería Forestal	13	3	4,5
Pontevedra	Introdución á busca de formación e as estratexias de busca para estudantes de postgrao	Mestrado Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	26	2	4,8
Pontevedra	Técnicas de busca para revisións bibliográficas	Mestrado Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	25	2	4,6
Pontevedra	O xestor bibliográfico RefWorks	Mestrado Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	25	2	4,8

Vigo	Recursos-e para os estudos ingleses e introdución a Refworks	Máster en Estudos Ingleses Avanzados	8	120	4,88
Vigo	Recursos-e para os estudos literarios e introdución a Refworks	Doutoramento en Estudos Literarios	2	120	Sen datos
Vigo	Refworks	Grao en Enfermaría	4	120	5
Vigo	Busca de recursos de información para PEMES na UVIGO	Máster en Dirección de PEMES	20	180	3,89
Vigo	A Biblioteca universitaria e as fontes de información para un traballo académico	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	7	120	4,86

3. Formación para o profesorado

No curso 2024/2025 a biblioteca só ofreceu un curso propio dirixido ao profesorado a través da aula virtual: *Sexenios 2024: fontes de información para a valoración das aportacións*, celebrado o 10 de xaneiro de 2025. Tivo unha duración de 120 minutos e asistiron 76 persoas dos tres campus.

Este curso foi gravado por UVigo Televisión e permanece [na súa páxina](#), o que permitiu a súa consulta con posterioridade. Na data de realización deste informe UvigoTV contabiliza 532 vistas do vídeo.

4. Formación de provedores

Algúns provedores de recursos de información ofrecen sesións formativas dirixidas ás persoas usuarias. A maioría destas formacións son abertas a todas as universidades e neses casos a biblioteca non fai máis que difundir a información no sistema de avisos e nas listas de correo da Universidade de Vigo. Nestes casos non contamos con datos de asistencia.

Pero algúns provedores ofrecen formacións específicas dirixidas á comunidade universitaria da Universidade de Vigo, e nestas ocasións adaptan os contidos á nosa situación.

Durante o curso 2024/2025 recibimos as seguintes formacións organizadas por provedores para a Universidade de Vigo:

Provedor	Curso	Duración (en horas)	Número estudantes	Número PDI	Número PTXAS	TOTAL asistentes
JoVE	Integración de listas de reprodución y cuestionarios de JoVE en sus cursos	1	0	25	2	27
Aranzadi	Aranzadi Instituciones	1	4	2	6	14
Ebsco	Descubre el nuevo Ebscohost	1	8	3	7	18
Ebsco	Descubre el nuevo Ebscohost	1	5	2	4	11
JoVE	JoVE: Crear y compartir cuestionarios en el aula virtual	1	0	11	3	14
JoVE	JoVE: Crear y compartir cuestionarios en el aula virtual	1	0	10	4	14
TOTAL		6	17	53	26	98

5. Materiais formativos

A Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación elabora materiais educativos, algúns con gran peso na oferta formativa da biblioteca, como é o caso das biblioguías, e outros como soporte ás formacións presenciais e en liña, como os vídeos, infografías e presentacións. Achegamos a continuación datos sobre as biblioguías e os vídeos de elaboración propia.


5.1. Biblioguías

Coincidindo co principio do curso 2024/2025, a Biblioteca Universitaria substituiu as guías formativas que xestionabamos ata ese momento co programa Subject por novas biblioguías xestionadas co programa Libguides.

Ao longo do curso fomos trasladando ao novo sistema as guías que quedaban pendentes e creando guías novas. De tal xeito que, a final do curso, estaban publicadas 84 guías repartidas en cinco grupos:

- Guías temáticas
- Guías de apoio á investigación
- Guías de apoio á aprendizaxe a á docencia
- Guías de recursos
- Guías de servizos

As biblioguías constitúen un material imprescindible para a formación de persoas usuarias e como soporte para o asesoramento que realiza o persoal bibliotecario. Segundo as estatísticas que proporciona Libguides, desde setembro de 2024 ata agosto de 2025, as guías recibiron 39745 visitas, coa seguinte evolución temporal:




Destacamos a continuación as guías que obtiveron máis visitas durante o curso 2024/2025:

Guía	Número de visitas
Estilo APA	5707
Acceso aos recursos-e desde fóra da UVigo	3722
Acordos editoriais para publicar en acceso aberto	3359
Información para o novo alumnado	3084
Perseo, o buscador da biblioteca	2967
Estilo Vancouver	2314
Refworks	2220
Citar e referenciar	1304
Acceso aberto	1171
Aprende coa biblioteca	1113
Como afrontar o TFG	1047

5.2. Vídeos

O persoal da Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación crea vídeos formativos que habitualmente se incrustan nos cursos en liña e nas biblioguías. Ademais, están accesibles na [canle de Youtube da Biblioteca](#).

Durante o curso 2024/2025 tivemos nesa canle 39 vídeos. Os vídeos acadaron nese tempo, segundo datos de Youtube, 12653 visualizacións, cun tempo de visualización de 292,7 horas, coa seguinte evolución temporal:



Estes son os vídeos cun maior número de visualizacións durante o curso 2024/2025:

Vídeo	Número de visualizacións
Crear índice automático en Word 365	8566
Perseo. Busca simple	755
Perseo. Busca avanzada	506
Como fusionar perfís de autor duplicados en Scopus	372
Recursos AZ	332
Perseo. Autenticación	269
Perseo	245
Principais ferramentas das bases de datos	206
Scopus	170

Buscas en Dialnet Plus	148
Presentación da Biblioteca da Universidade de Vigo	144
Como activar a túa conta de correo da UVigo	139
Tutorial Web of Science	138

5.3. Outros materiais formativos

Ademais das biblioguías e os vídeos, a Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación elabora outros materiais formativos para incluír nos cursos de formación e nas propias biblioguías.

Durante o curso 2024/2025 utilizamos 26 infografías e 17 presentacións, para as que empregamos ferramentas como Google Slide, Genially e Canva, entre outras.